



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO  
CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 28 DE MARZO DO 2018.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b> D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b> D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Víctor Reiriz Lampón D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro</p>	<p><b>Interventor:</b> D. Pablo Bao Castro</p> <p><b>Secretario actal.:</b> D. José Martínez de Llano Orosa</p> <p><b>Membros que non asisten:</b> D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e oito de marzo do dous mil dezoito, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 22 de marzo de 2018.

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación





**B) PROPOSTAS DE GASTO.**

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

<b>Nº Proposta</b>	<b>1</b>	<b>Data</b>	23/03/2018
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Servizo de ambulancia (5) para diferentes actividades deportivas (4) organizadas pola Concellería de Deportes nos meses de xuño e setembro de 2018		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	2	<b>Provedores</b>	- AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L. - AMBUIBÉRICA
<b>Informe:</b>	Interventor – Pablo Bao Castro (27/03/2018)		
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L.</b>		
<b>NIF/CIF:</b>	B15991417		
<b>Importe (IVE Incluído):</b>	<b>1.845,00 €</b>		
<b>Observacións:</b>	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

<b>Nº Proposta</b>	<b>2</b>	<b>Data</b>	23/03/2018
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Elaboración da documentación técnica dun proxecto de compostaxe doméstico no Concello de Riveira, co motivo de solicitar unha axuda na liña de axudas para o fomento da compostaxe ao abeiro da convocatoria de Axudas Residuos 2018 (PIMA residuos e PEMA) do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPANA)		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	RAMÓN PLANA GONZÁLEZ SIERRA
<b>Informe:</b>	Interventor – Pablo Bao Castro (27/03/2018)		
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>RAMÓN PLANA GONZÁLEZ SIERRA</b>		
<b>NIF/CIF:</b>	36114656X		
<b>Importe (IVE Incluído):</b>	<b>500,00 €</b>		
<b>Observacións:</b>	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

<b>Nº Proposta</b>	<b>3</b>	<b>Data</b>	22/03/2018
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Promoción Económica Manuel Emilio Pérez Outeiral		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Organización do curso de "Animación 2D e 3D e		





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

		Emprendemento" (224 h) na aula de formación do Viveiro de Empresas	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS Y NAVEGACIÓN DE SANTIAGO
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (27/03/2018)		
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
Denominación:	CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS Y NAVEGACIÓN DE SANTIAGO		
NIF/CIF:	Q1573004G		
Importe (IVE Incluído):	4.055,00 €		
Observacións/Anexo ao acordo:	<p>- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, <b>acorda anular o gasto de 10.000,00 €</b> para o "Programa de creación e consolidación de empresas e autoemprego" aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 15/03/2018 a favor da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servicios y Navegación de Santiago, por mor a que non se vai poder impartir.</p> <p>A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.</p>		

Nº Proposta	4	Data	16/03/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Benestar Comunitario Antonio Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración dun cortacésped para os cemiterios municipais		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- PORTOFERR, S.L. - FERRETERÍA BRIÓN, S.L. - ALONVAZ, S.L.U.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (27/03/2018)		
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
Denominación:	PORTOFERR, S.L.		
NIF/CIF:	B15775299		
Importe (IVE Incluído):	300,00 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	5	Data	22/03/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Retirada de varios tractores de escombros e limpeza do caudal do Manacial de Cabasas (Riveira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (27/03/2018)		
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
Denominación:	TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ		
NIF/CIF:	53489596Z		
Importe (IVE Incluído):	580,80 €		





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

<b>Observacións:</b>	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.
----------------------	--

<b>Nº Proposta</b>	<b>6</b>	<b>Data</b>	21/03/2018
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRIPCIÓN DO GASTO</b>	2 acometidas eléctricas monofásicas na Praza do Concello co motivo da conmemoración do Día do Libro e do Día Internacional do Libro		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.
<b>Informe:</b>	Interventor – Pablo Bao Castro (27/03/2018) Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (21/03/2018)		
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>FERROVIAL SERVICIOS, S.A.</b>		
<b>NIF/CIF:</b>	A80241789		
<b>Importe (IVE Incluído):</b>	<b>242,00 €</b>		
<b>Observacións:</b>	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

<b>Nº Proposta</b>	<b>7</b>	<b>Data</b>	21/03/2018
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRIPCIÓN DO GASTO</b>	Servizo de carga/descarga de diverso material co motivo da conmemoración do Día do Libro e do Día Internacional do Libro		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	ADER RECURSOS HUMANOS, E.T.T., S.A.
<b>Informe:</b>	Interventor – Pablo Bao Castro (27/03/2018)		
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>ADER RECURSOS HUMANOS, E.T.T., S.A.</b>		
<b>NIF/CIF:</b>	A15469406		
<b>Importe (IVE Incluído):</b>	<b>172,00 €</b>		
<b>Observacións:</b>	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

### III.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





#### IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

#### V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Vistos os escritos presentados por **Lucía Couto Fernández e Francisco Crujeiras Vidal**, de datas 07/07/2017, 04/10/2017, 18/12/2017, 01/02/2018 e 14/02/2018 (Rexistros de entrada nº 11.821, 15.950, 19.746, 1.422 e 2.003), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e construción auxiliar anexa, no lugar de Castro s/n, Artes, Riveira en parcela con refª 15074A001006370000KG e 15074A001006370001LH.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 19/02/2018, visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 06/03/2018, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/03/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á Sra. Lucía Couto Fernández e Sr. Francisco Crujeiras Vidal **LICENZA DE OBRAS (Nº 13/18)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E CONSTRUCCIÓN ANEXA DESTINADA A GARAXE** no lugar de Castro s/n, Artes, Riveira en parcela con refª 15074A001006370000KG e 15074A001006370001LH, nos termos do Proxecto Básico modificado II de febreiro de 2018 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 14 de febreiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 2.003) redactado polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169):

- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión nas franxas sitas ao longo dos viais, **refléxase unha superficie de cesión en total de 15,85 m<sup>2</sup>**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata*





os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 49,01 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180212894
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE -	03/04/2018	Fecha: 03/04/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO ROSA-TÉCNICO ADMINISTRACIÓN GENERAL URBANISMO -	03/04/2018	Hora: 14:44





- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**CUARTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**QUINTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180212894
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE -	03/04/2018	Fecha: 03/04/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-TÉCNICO ADMINISTRACIÓN GENERAL URBANISMO -	03/04/2018	Hora: 14:44





**SÉTIMO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**OITAVO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

### VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Juan Folgar Louro en representación de **Andrés Romay Seráns**, de data 14/03/2018 (Rexistro de entrada nº 3.696), no que solicita certificación de que un camiño situado na Rúa da Igrexa (Castiñeiras) non figura no inventario de camiños municipais.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 16/03/2018, por unanimidade dos membros presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Solicítase certificación de que un camiño non aparece non aparece no inventario de camiños municipais.

Consultada a documentación obrante na Oficina Técnica: Inventario de camiños – novo e antigo - , catastro antigo, planimetría, etc., non se encontra que sexa de titularidade municipal.

2.- Visto o escrito presentado por **Regina Esther Rodríguez Pillado**, de data 19/12/2017 (Rexistro de entrada nº 19.799), no que solicita certificación de que un solo situado en Gándara, 77 (Oleiros) non é de dominio público.







A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 19/03/2018, por unanimidade dos membros presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. Catastral: 15074A042006390000KI-15074A042006390001LO

Solicítase certificación sobre si unha porción de terreo é de dominio público. Consultada a documentación obrante na oficina Técnica: Inventario de bens e dereitos, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data 26 de febreiro de 2018, catastro antigo, planimetría, etc., no se encontra que sexa de titularidade pública. Sí se reflicte como camiño no Catastro vixente.

Persoados os Servizos Técnicos municipais no lugar, encóntrase que no inicio do suposto camiño hai fincas con cerres a ambos lados deixando un ancho entre elas duns 3,00 m. Ao pouco de continuar polo camiño os marcos ou moxóns das fincas están sobrepasando dito camiño.

A solicitude de presentación das escrituras de propiedade se comprueba que, polo Oeste, as fincas lindan con outras propiedades particulares, co cal non queda suficientemente demostrado que non exista camiño público ao estar reflectido no Catastro vixente e ao non ter acceso a outras escrituras de propiedade do resto de fincas que dan a ese suposto camiño.

**3.-** Visto o escrito presentado por **M<sup>a</sup> Esther Vidal Rodríguez**, de data 19/12/2017 (Rexistro de entrada nº 19.800), no que solicita certificación de que un solo situado en Gándara, 79 (Oleiros) non é de dominio público.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 19/03/2018, por unanimidade dos membros presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. Catastral: 15074A04200638-15074A04200640-15074A04200641

Solicítase certificación sobre si unha porción de terreo é de dominio público. Consultada a documentación obrante na oficina Técnica: Inventario de bens e dereitos, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data 26 de febreiro de 2018, catastro antigo, planimetría, etc., no se encontra que sexa de titularidade pública. Sí se reflicte como camiño no Catastro vixente.

Persoados os Servizos Técnicos municipais no lugar, encóntrase que no inicio do suposto camiño hai fincas con cerres a ambos lados deixando un ancho entre elas duns 3,00 m. Ao pouco de continuar polo camiño os marcos ou moxóns das fincas están sobrepasando dito camiño.

A solicitude de presentación das escrituras de propiedade se comprueba que, polo Oeste, as fincas lindan con outras propiedades particulares, co cal non queda suficientemente demostrado que non exista camiño público ao estar reflectido no Catastro vixente e ao non ter acceso a outras escrituras de propiedade do resto de fincas que dan a ese suposto camiño.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180212894
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE -	03/04/2018	Fecha: 03/04/2018
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-TÉCNICO ADMINISTRACIÓN GENERAL URBANISMO -	03/04/2018	Hora: 14:44





## IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

### RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN PARA NAVE ALMACÉN - GENARO CADABAL GONZÁLEZ.

LICENZA DE OBRA Nº 8/14: Concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 16 de xaneiro de 2014.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de nave almacén.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Industrial con aplicación do Plan Parcial do Polígono de Xarás.

REFª CATASTRAL: 15074A938017730000UH.

SITUACIÓN: Polígono Industrial de Xarás, C-550 de Noia-Riveira.

PROMOTOR/A: Sr. Genaro Cadabal González, (DNI 52.458.126-W).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, (enxeñeiro da edificación col. 1.470).

PROXECTO: Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 3.10.13 / Estudio de Seguridade e Saúde / Escritura de Propiedade.

DOCUMENTACIÓN FIN DE OBRA: Documentación Fin de Obra de decembro de 2017 / Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 4 de xaneiro de 2018, asinado polo Sr. Domingo J. Vidal Álvarez / Acta de Recepción de Edificio Terminado / Xustificante de declaración catastral / Certificación de instalación eléctrica / Certificado de instalación del sistema de protección contra incendios / Certificado emitido en relación a instalación de fontanería / Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 20 de febreiro de 2018 / Copia de expediente de aceptación do suministrador UNION FENOSA coa transferencia bancaria acreditativa do cumprimento por parte do Promotor das condicións económicas exixidas polo suministrador.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Polo Sr. Genaro Cadabal González, (DNI 52.458.126-W) solicitábase en escrito rexistrado de entrada na data 15 de outubro de 2013, (Rexistro de entrada nº 13.927), licenza de obra para construción de nave almacén no Polígono Industrial de Xarás, C-550 de Noia-Riveira, achegando Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Aparelladores. Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 3 de outubro de 2013, Estudio de Seguridade e Saúde redactados por Domingo J. Vidal Álvarez.

**SEGUNDO.-** A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 16 de xaneiro de 2014 por unanimidade acorda **CONCEDER** a Genaro Cadabal González **LICENZA DE OBRAS (Nº 8/14)** para **NAVE ALMACÉN**, no Polígono Industrial de Xarás, C-550 de Noia-Riveira, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 3.10.13 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez.

**TERCEIRO.-** Posteriormente polo Sr. Genaro Cadabal González, (DNI 52.458.126-W), en escritos rexistrados de entrada nas datas 4 e 26 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 139 e 1.167) solicita licenza de primeira utilización da **NAVE ALMACÉN** construída ó amparo da licenza nº 8/14, sita no Polígono Industrial





de Xarás, C-550 de Noia-Riveira, en parcela con refª catstral nº 15074A938017730000UH, achegando **Documentación Fin de Obra** de decembro de 2017, **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 4 de xaneiro de 2018, asinado polo Sr. Domingo J. Vidal Álvarez / **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante de declaración catastral, Certificación de instalación eléctrica, Certificado de instalación del sistema de protección contra incendios** así como **Certificado emitido en relación a instalación de fontanería** así **Copia de expediente de aceptación do suministrador UNION FENOSA coa transferencia bancaria acreditativa do cumprimento por parte do Promotor das condicións económicas exixidas polo suministrador.**

**CUARTO.-** O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informes con sinatura dixital de datas 2 e 26 de febreiro de 2017 no que analiza en **sentido desfavorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal.

**QUINTO.-** O Sr. Genaro Cadabal González, (DNI 52.458.126-W), en escrito rexistrado de entrada na data 20 de febreiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 2.245), presenta **Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 20 de febreiro de 2018 para engadir ao expediente.

